
CHÉVERE 1987-2022.

Trinta e cinco anos de axitación cultural. Isto non pode ser obra de galegos!

Texto de CHÉVERE

Encadernado en rústica. 22 x 22 cm. 330 páx. 39 €

ISBN 978-84-1343-179-6. Lecturas expertas. Biblioteca de Teatro.

Anos oitenta. Un país por facer.

Un país no que as distancias case sempre son curtas.

Entre a cidade e a aldea. Entre a universidade e o rock and roll.

Entre o acabado e o imperfecto. Entre o novo e o vello.

Entre o profesional e o amator. Entre a arte e a vida.

Entre o serio e o informal. Entre o centro e a periferia.

A cultura como celebración. O teatro como festa.

Como acontecemento.

Neste contexto xorde o grupo Chévere,


nadando entre as ondas, achegándose á praia,

pero sen chegar nunca a facer pé.

Chévere fai 35 anos e celébralo, logo de dous anos de estrañas circunstancias, traballando arreo e reencontrándose co público para ofrecerlle de novo algunhas das súas creacións máis senlleiras.

Como parte desta celebración sae do prelo un volume no que os lectores e lectoras, poderán afondar na historia da compañía dende os comezos, na Compostela de 1987, ata os últimos acontecementos logo da pandemia, pasando pola etapa da Sala Nasa, o Nunca Máis ou o Premio Nacional de Teatro concedido polo Ministerio de Cultura no ano 2014 pola súa coherente traxectoria de creación colectiva, transgresión de xéneros e conexión crítica coa realidade.

Narrada en primeira persoa nun formato dialogado e acompañada de abundante material gráfico, esta obra achéganos da man dos seus integrantes ao proceso de creación das súas producións máis significativas, algunhas editadas xa por Kalandraka na Biblioteca de Teatro.



■ **Temática:** autobiografía da compañía teatral Chévere.

■ **Idade recomendada:** lectores adultos.

■ **Aspectos destacables:** historia da compañía en formato dialogado, con abundante material gráfico.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/chevere-g>

Chévere

Chévere é unha compañía de axitación teatral -con máis de tres décadas de traballo- que soubo manter con naturalidade unha proposta tan irreverente como xenuína e un sólido compromiso social, político e cultural, levando ao escenario os debates do presente con humor e unha linguaxe contemporánea accesible a públicos moi diversos. Chévere creou a Nave de Servicios Artísticos -Sala NASA- en 1992, un espazo de referencia para a cultura independente, no que se inventaron as Ultranoites. Dende o 2012 ao 2019 traballou en residencia no concello de Teo (A Coruña), compatibilizando as súas creacións cun proxecto de integración na comunidade. En 2015 puxo en marcha a Berberecheira, unha iniciativa de custodia do territorio teatral para sementar proxectos creativos sostidos en redes estables de cooperación. Na súa traxectoria destacan o Premio da Crítica de Barcelona 1996, o Premio da Crítica Galicia 2011 e 2022, o Premio de Honra da MIT de Ribadavia 2012 e o Premio Nacional de Teatro 2014.

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
